



Ao Conselleiro de Innovación e Industria
D. Fernando Xabier Blanco Álvarez
Consellería de Innovación e Industria
Complexo Administrativo, San Lázaro
15781- Santiago de Compostela

Eduardo Méndez Quintas con DNI ----- Director da Sección de Prehistoria, Arqueoloxía, Historia e Etnografía do Instituto de Estudos Miñoranos

EXPÓN:

Que diante do proxecto da empresa Eurovento de instalar 21 aeroxeradores de 2'3 MW de potencia cada un e +122 metros de altura nos puntos máis altos da Serra da Groba, entre as cotas 675 (Alto da Lebre) e 500 msnm, afectando directamente os concellos de Baiona, Gondomar, Oia e Tomiño; polo presente escrito procede a realizar as seguintes

ALEGACIÓNS

O macizo da Groba, murallón natural que ascende até os 675m no Alto da Lebre e roza os 600 msnm no Alto do Carroubello é un referente xeográfico e paisaxístico do sur do país ao que engadimos un alto valor ecolóxico pola flora e fauna que sustenta, incluídos nos mapas de Hábitats Prioritarios do Real Decreto 1193/1998 de 12 de xuño, incluíndo especies endémicas e poboacións escasas.

1.- DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

Hai uns meses presentouse na Unesco a candidatura do patrimonio inmaterial común do sur de Galicia e norte de Portugal como Patrimonio da Humanidade na que se incluía como manifestación popular sobranceira os CURROS de BESTAS salvaxes da Serra da Groba onde se concentran uns 2.500 cabalos da máis pura raza galega que desde hai centos de anos orixinaron a celebración dos curros de Mougás, A Valga e Torroña (desde hai uns 30 anos tamén San Cibrán) como expresión xenuína das mulleres e homes das aldeas da Groba que se xuntan anualmente nestes días de traballo e festa para desinfectar, rapar, marcar e comerciar coas bestas.



Foron os curros abandeirados da candidatura da Unesco a Patrimonio da Humanidade, o Patrimonio Inmaterial do sur de Galicia e norte de Portugal.

A lei do Patrimonio Cultural de Galicia do 8/1995, do 30 de outubro no título denominado “Do patrimonio etnográfico” no artigo 64 di que *“integran o patrimonio etnográfico de Galicia os lugares e os bens mobles e inmobles, así como as actividades e os coñecementos que constitúan formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais”* que no artigo 65 completa dicindo que *“cando estean en previsible perigo de desaparición, perda ou deturpación, a Consellería de Cultura promoverá e adoptará as medidas oportunas conducentes ó seu estudo, documentación científica e a súa recollida...”*

Polo tanto alegamos que o presente proxecto do Parque Eólico Albariño I vulnera integramente estes artigos 64 e 65 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Máis aínda logo dos violentos lumes dos anos 2005 e 2006 que arrasaron 24 km² da Serra da Groba provocando a morte de cabalos e aniquilando a maioría dos seus pastos e hábitats naturais. A este respecto achegamos o plano da zona norte afectada polo lume, elaborado pola Consellería de Medio Rural ao que lle superpuxemos os muíños do Parque Eólico Albariño I.

O Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural da construción do Parque Eólico Albariño I na súa páxina 7 indica que vai elaborar unha diagnose de impacto sobre *“os diferentes elementos (tanto de carácter arqueolóxico, como histórico e etnográfico”*. Máis adiante (páx. 23) indica *“que non se localizaron elementos do patrimonio histórico-artístico nin etnográficos”* obviando completamente a Serra da Groba como contedora dos devanditos 2.500 cabalos salvaxes e a celebración dos curros citados como senlleiro patrimonio etnográfico inmaterial.

Na mesma páxina consígnase que *“non foron documentados elementos de carácter histórico ou etnográfico dentro da área afectada”*, esta afirmación despois de “contarnos” tres veces en poucas páxinas as excelencias da súa metodoloxía de traballo. Tres veces repítennos que fixeron un baleirado bibliográfico, un estudo toponímico, prospección extensiva, intensiva e de cobertura total, alén de citarnos a súa experiencia investigadora e de elaboración de *“modelos predictivos de localización de xacementos arqueolóxicos de natureza non visíbel”*. Evidentemente os visibles localízanos moi mal xa que no mesmo emprazamento dos aeroxeradores 11 e 12 existe unha enorme trampa para lobos sobre a que



están proxectados os novos vieiros. Esta trampa óllase no terreo e advírtese a pouco que se recolla a toponimia (páx. 14) xa que a zona é O Alto do Foxo Pedriño, O Foxo Pedriño e O Rego do Foxo Pedriño. Polo que dubidamos da validez deste Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural.

2.-DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Sinalamos que á hora de establecer os elementos que integran o patrimonio cultural (o inmaterial está esquecido totalmente) no apartado de patrimonio arqueolóxico débense contemplar os xacementos como mámoas, castros, petróglifos... pero tamén existe a modalidade ACH- que son os achados soltos, REF- que son as referencias a xacementos e TOP- que son os topónimos que aluden á posible presenza de xacementos arqueolóxicos. Na Serra da Groba afectada polo Parque Eólico Albariño I son máis as entidades de carácter arqueolóxico e etnográfico **SEN RECOLLER** que as recollidas (vén na páx. 23). Estamos a falar de TOP-, ACH-, REF- e incluso de xacementos arqueolóxicos, e só imos citar un caso que indica a invalidez deste informe e indica, á vez, a imposibilidade de emprazar aquí este POLÍGONO; os aeroxeradores 15 e 16 inténtanse construír sobre o maior labirinto gravado (1'10m. de diámetro) de Europa que está no sitio que a microtoponimia popular bautizou como A Laxe Cruzada, o nome vén de que na mesma superficie haxa unhas 110 cruces, algunhas delas “crucificando” fisicamente o propio labirinto.

A elisión deste xacemento invalida este estudo e a construción deste POLÍGONO INDUSTRIAL. O petróglifo da Laxe Cruzada, un dos únicos cinco labirintos de Galicia (hai outro máis neste macizo montañoso) está, como fica claro, na toponimia patrimonial, está publicado, está visible se se prospecta ben e está catalogado (no estudo indícase o “asesoramento cos *Servizo de Arqueoloxía*” da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (p. 10).

As últimas tendencias da arqueoloxía deixaron de valorar como punto arqueolóxico o propio petróglifo, castro e mámoa e como é propio contemplan a unidade física, natural, cultural que creou e que acolle o xacemento, considerando xacemento toda esta entorna agora obviada polo proxecto deste POLÍGONO INDUSTRIAL; os vieiros que URBANIZAN (uns 20 km) a Serra da Groba superpóñense a estes xacementos, tanto aquí na zona norte do POLÍGONO como na zona sur do Alto do Carroubelo superpoñendo os muíños a todo o conxunto de petróglifos, mámoas e muíños naviculares de soporte fixo.

3.-VARIOS

O informe de impacto medioambiental indica o mínimo impacto visual



debido a un moderno deseño industrial o cal é FALSO, si hai un grave impacto visual que viola un espazo natural e cultural senlleiro, único no noso país que xunta cemiterios neolíticos (5.000/6.000 anos de antigüidade), arte rupestre escasísima en Europa, un castelo medieval esbarroado (Ben de Interese Cultural, figura de máxima protección legal) e uns humidais que congregan centos de cabalos salvaxes na máxima expresión etnográfica desta índole en Galicia.

CONCLUSIÓNS

Estimamos que non é factible a construción do Parque Eólico Albariño I na Serra da Groba MONUMENTO NATURAL E CULTURAL do noso país nunca así considerado a efectos legais pero comprobable ao abeiro das alegacións aquí expostas.

Ademais para que os propietarios da terra e os cidadáns do Val Miñor e Baixo Miño que gozan deste MONUMENTO, sexan libres de decidir o que queren, teñen o dereito a seren DEBIDAMENTE INFORMADOS da riqueza que atesoura A Groba e das avantaxes e inconvenientes da instalación de 21 aeroxeradores para seguir exportando enerxía como lucro para unha empresa que vai crear un posto de traballo para o revisor dos muíños, coa ocupación de centos de miles de metros cadrados de serra e a súa desestruturación física e visual logo de que os lumes de agosto de 2006 arrasasen durante varios días o espazo forestal no que se quere emprazar o Parque Eólico Albariño I . Leis hai que prohiben cambiar o uso das terras logo dos incendios e durante 30 anos. Esiximos a súa aplicación, e non nos vale aludir a que só son válidas para casos de urbanización; isto é un troco do uso do terreo forestal para uso industrial de produción de enerxía, ao que lle engadimos unha atroz URBANIZACIÓN do monte a custa do si dalgunhas comunidades de montes mal informadas e moito máis vulnerables logo de veren arrasados monte e gando polo lume.

Por todo isto SOLICITAMOS a retirada do proxecto do Parque Eólico Albariño I e comprometémonos a seguir estudando e promovendo a valorización da Serra da Groba como MONUMENTO NATURAL E CULTURAL